

## **O ACORDO CÓ MINISTERIO PARA AS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS PARA 2003 E 2004 MELLORA AS PAGAS EXTRAS**

O acordo asinado por **CC.OO. e UGT** o 13 de novembro có Ministerio para as Administracións Públicas – MAP – (e rexeitado pola CIG) para os anos 2003 e 2004 produce, para tódolos empregados públicos, entre outros beneficios:

- Suba, por primeira vez, nas pagas extraordinarias, dun 20% do valor do complemento de destino para o ano 2003. No ano 2004 será doutro 20%. Polo tanto, un 40% en total. O persoal laboral percibirá unha contía equivalente, segundo a táboa adxunta. O Comité de Empresa deberá negociar os criterios de reparto e segundo os límites fixados no devandito acordo.
- Abre o camiño para conseguir, en vindeiros acordos, que o valor das pagas extras sexa igual ó 100% das retribucións mensuais para os funcionarios (ou repercusión salarial equivalente para os laborais) coas modificacións legais pactadas.
- Incremento, en tódolos conceptos salariais, dun 2% para o ano 2003. E, para os empregados da Administración Xeral do Estado, un 0.59% mais en fondos adicionais, entre outras melloras. Isto pode extenderse ó resto das administracións.
- Obriga ó goberno a asumi-la súa responsabilidade cós empregados públicos de tódalas administracións, logo de reveses tan importantes para él coma a Sentencia da Audiencia Nacional sobre a conxelación salarial do ano 1997, a ILP da Área Pública de CC.OO. ou a Folga Xeral do 20-J.

NIVEL CD*	20% CD en cómputo anual	SUBA en cada paga extra do 2.003
28	310.28	103.43
27	296.65	148.32
26	260.26	86.75
25	230.90	76.97
24	217.28	72.43
23	203.66	67.89
22	190.04	63.35
21	176.44	58.81
20	163.88	54.63
19	155.52	51.84
18	147.14	49.05
17	138.78	69.39
16	130.42	43.47
15	122.04	40.68

\*CD = Complemento de Destino

Os beneficios deste acordo non son só salariais. Abranguen tamén a estabilidade no emprego, fondos para formación ou tempo de vacacións. Estas

melloras son de aplicación para tódolos empregados públicos e, polo tanto, benefician os funcionarios e laborais das universidades.

Con respecto as melloras en vacacións anuais, éstas inclúen:

- un mes natural ou vintedous días hábiles anuais a disfrutar en períodos mínimos de cinco días hábiles consecutivos. Non se consideran hábiles os sábados, salvo que nos horarios especiais se consideren outra cousa. Así, quen goze as vacacións este ano en agosto se beneficiará desta mellora con días de lecer adicionais.
- Ademáis, terásese dereito a días adicionais, en función dos anos de servicio e de acordo có seguinte cadro:

15 anos de servicio	23 días hábiles
20 anos de servicio	24 días hábiles
25 anos de servicio	25 días hábiles
30 anos de servicio	26 días hábiles

- Para o caso de baixa de maternidade coincidente coas vacacións, éstas quedarán interrompidas e poderán gozarse unha vez que remate o período de maternidade, sempre que éste remate dentro do ano natural ou ata o 15 de xaneiro do ano seguinte.